

# SANTIAGO: POR ESCENARIOS DO MITO, DA ARQUEOLOXÍA E DA HISTORIA XACOBEOA

Felipe Senén López Gómez

Unha iniciativa de



co apoio de



O culto ao Apóstolo Santiago no extremo occidente do Vello Mundo, Galiza, o *País do Letheo*, pérdese nos anos da Alta Idade Media. Seguramente foron os ermitáns e santos do berciano Val do Silencio e das Ribeiras Sacras do Sil, Miño ou Bibeí, nos camiños entre *Lucus, Brácara* e *Astúrica*, os que comezaron a usar e abusar de tal devoción.

Os vellos mitos escenifican nestes confíns un ansiado Rei en busca da perfección, para guiar un pobo atoutiñante pola incerteza dos camiños. Un Arturo, modelo de cruzado, que xuntando os seus arredor dunha mesa redonda e nun convivio fraternal, brinda con viño e contubernia iniciar camiños ascéticos na procura do Greal, o Cáliz no que a tradición di bebeu o viño Cristo na Cea do Primeiro Xoves Santo. Pero a cousa vén de moito máis atrás, pérdese no tempo e nesa ansia da busca dun Paraíso Perdido.

O animismo, o panteísmo dos pobos célticos convidaba á peregrinación, a facer camiño, ou ascese, cara a santuarios, tanto no cimo dos montes, como a onde houbera fontes ou *puzos* fendidos nas entrañas da terra, a perderse en espesas selvas, buscando respostas aos enigmas do mundo. Camiños, labirintos nos que os trasnos ou os magos, sabios dos *humus*, humanistas, como Merlín, darán receitas para facer esa andaina. Velaí o *Ciprianillo* ou libro falsamente atribuído de San Cipriano, cun receitario sobre tesouros e fórmulas para atopalos e esconxurar males.

Este país, con santuarios de todas as épocas, por non quere-lo entender foi tomado como máxico e supersticioso. Os seus habitantes do pasado, reducidos a lugares abandonados, a mámoas, castros, castelos..., foron denominados *mouros*. Seres perdidos nas brétemas do tempo, con estraños cultos aos *Catro Elementos* -auga, terra, lume aire- afeitos ao ouro, aos tesouros... Para os *cristiáns* destes confíns foron os *mouros*, os que ergueron monumentos megalíticos, os que deixaron pedras gravadas representando espirais, labirintos, animais, armas..., foron os que viviron nos castros. Eses *mouros*, segundo as lendas, se non foron convencidos pola palabra, naqueles sermóns dados nos montes de Padrón, foron vencidos por aquel novo e sempre ansiado Arturo, o cabaleiro Santiago Apóstolo. E o seu cabalo branco deixou a pegada de *ferradura* e a fenda da súa espada nas penedas.

**Padrón: o *pedrón*, Santiaguíño do Monte, Iria Flavia, O Faramello...**

Pois di a lenda xacobeá que na diáspora dos apóstolos, despois da crucifixión do Mestre, Santiago partiu cara aos confíns de Hispania e predicou en terras que van dende Iria a Tarraco, pasando polas ribeiras do río dos Iberos onde, sobre unha ara ou columna dedicada a non se sabe que deus pagán, se lle apareceu a Virxe. Nesta misión na *Gallaecia*, Santiago coñeceu unha régula, unha princesa indíxena; chamábase Lupa, que será bautizada polo mesmo Apóstolo á nova relixión de Cristo. Acontecemento que a tradición popular sitúa nese celebrado lugar de romaría, sobre **Padrón** no que se homenaxea o Apóstolo con topónimo de Santiaguíño do Monte. Catequese que ilustran, en pintura ou escultura, algúns retablos (Museo Diocesano de Astorga, Sasamón, o mesmo alabastro inglés da Catedral de Santiago...) Neste monte abundan toda unha serie de ilustrativas pegadas arqueolóxicas: a fonte, cristianizada por un santuario sobre unha arqueta de difícil acceso, nacedouro, na que din que nas súas paredes se mostran pinturas de carácter erótico e de época antiga. Tal igrexa ten no seu tímpano a representación de Santiago bautizando a Lupa coa vieira. As augas da fonte baixan e serán aproveitadas quilómetro abaixo, na milagreira fonte do Carme, nas ribeiras do Sar, onde tamén se representa a Santiago, Lupa e a barca de pedra. Tamén en Santiaguíño do Monte campan, unhas sobre outras, as grandes penedas, cristianizadas coa cruz, epígrafe e sobre as que se ergue una pequena escultura de Santiago predicando para rememorar o que a lenda di aconteceu aquí mesmo e nun remoto pasado... Pedras gastas e labradas polo tempo e os ofrecidos, con buratos polos que furan coa ansia de atopar a saúde e a sorte. Baixo o púlpito do campo de romaría, a erosión ampliou unha pucharca que a tradición di ser a pegada do pé do Apóstolo.

Para internármonos aínda máis neste mundo, onde arqueoloxía e mitoloxía se confunden, aconsellaríamos ler a obra de dous ilustres veciños de Compostela, a *Historia de Santiago* do sabio cóengo e arqueólogo Antonio López Ferreiro, pero tamén a do profesor, xeólogo e arqueólogo, director das covas cántabras, pioneiro nos estudos de Atapuerca, o padre Xesús Carballo, quen polos anos corenta escribiu *Fida, la hija del último druida galaico*. Novela na que, acudindo ás lendas e á arqueoloxía, fabula un acontecer nos primeiros tempos do cambio de era e nos escenarios do contorno do que hoxe coñecemos como Compostela. Libros como *La Tumba del Apóstol Santiago* de Manuel Vidal, de 1924, é unha apaixonada lección, convite a coñecer, querer e defender canto ten que ver con Compostela. Como *O Libro de Santiago* de Filgueira Valverde,

ilustrado por Xosé Sesto. *A Guía de Santiago de Compostela* de Manuel Chamoso Lamas, faise imprescindible.

O íntimo amigo de Cristo, aquel que estivera presente e como testemuña nos feitos máis sobranceiros da súa vida, é martirizado e decapitado en Haiffa; di a tradición que, dende aquí, os seus discípulos embarcaron e levaron o corpo nunha barca de pedra cara aos confíns da Iberia, á *Gallaecia*, onde de vivo estivera predicando o Apóstolo. O paradoxo da navegación cara aos confíns, segue contando a lenda, faise nunha *barca de pedra*: non é esta unha novidade para aos países célticos, tan afeitos a maxias, onde moitas lendas falan de estrañas navegacións, en barcas de pedra, ou sobre illas flotantes, que non eran máis que baleas, como lle aconteceu a San Barandán. Recentemente o profesor Alonso Romero ten afondado sobre estas fábulas, apropiadas para o que foron feitas e onde se configuraron, arredor e a carón do lume das lareiras, entre espectrais sombras, ou nas peripatéticas conversas dos peregrinos cara aos santuarios.

Os profesores Moralejo e mesmo Rabanal, téñense referido a que iso da *barca de pedra* puido ser verdade..., e podería ser unha deformación da idea do que transportaba unha barca daquel tempo, que eran pedras. Minerais, os que tan buscados eran nestes confíns, que puideran ser as illas Cassiterides ou, se non o foron, caracterizáronse pola minaría e a metalurxia do ferro e mais do relucente e buscado ouro. Así é que despois de tanto circular o conto, a idea da barca que transportaba pedra, confundíuse na súa construción co material que transportaba. Nao que se internou polas augas do río Ulla, vixiado por castros, paraxes gardadoras de restos arqueolóxicos de toda época. E así teñen aparecido, lembramos, a cunca de ouro de Leiro (no Museo Arqueolóxico da Coruña). A navegación co corpo santo, segue contando a lenda, seguiu polas augas do río Sar, para parar e amarrar nun *pedrón*, reliquia xacobeá que lle dará nome a Padrón. Sobre aquel Pedrón construíuse un templo dedicado ao Apóstolo Santiago: e baixo o seu altar, a modo de reliquia, está o Pedrón, que non é máis que unha solemne ara romana dedicada a Neptuno, segundo a interpretación da súa inscrición. Epígrafe que foi borrado interesadamente cun significativo e macarrónico "*No Oris...*"

Lugares de Padrón, nos que aniña a fábula e certa maxia, arredor dos que, no devalar dos anos, se criaron grandes e diferentes personalidades das letras: Macías o Namorado, Rodríguez de la Cámara no medievo e na

contemporaneidade a precursora Rosalía de Castro, e o Premio Nobel Camilo José Cela.

### **Fisterra: da cidade asolagada de *Dugium* ao Pico Sacro**

Pero a lenda segue. Aquela Raíña Lupa, que fora bautizada polo mesmo Apóstolo nestas terras, recibe os dous discípulos, Teodoro e Atanasio, e o corpo morto do Apóstolo. Explícalles que ela non ten mando, que son os romanos quen deciden agora, e Filotro, o gobernador delegado, está na cidade fisterrá de **Dugium**. Alí deben dirixirse os dous para pedir autorización. E así, sempre continuando nunha ascética peregrinación de aventuras e desventuras, chegan a Dugium. Falan con Filotro, que non se presta a razóns cos cristiáns e contesta facéndoos prisioneiros. Pero dáse un dos primeiros milagres do Apóstolo morto: os discípulos son liberados das súas cadeas pola intercesión dun anxo. Namentres foxen, as augas do mar castigan e asolagan á cidade de Dugium.

Contan os fisterráns que baixo o mar e as areas da praia de Langosteira -onde os peregrinos que seguen o camiño cara ao confín recollen a cuncha de vieira, emblema do renacer, de Venus, do camiño-segue castigada a cidade Dugium. De cando en vez atópanse restos arqueolóxicos do pasado que din ser daquela cidade. Tamén aquí se repite o que acontece en moitos outros lugares asociados coa antigüidade e a lenda en Galiza: na noite de San Xoán escóitanse badalear no bronce as campás dos seus templos pagáns e os xemidos dun pobo insolidario castigado....

Nesa especie de "xogo da oca", acontecer de aventuras e desventuras, seguen o seu camiño os discípulos do Apóstolo. Nos seus pazos do castro Faramello e nas covas do Pico Sacro volve recibilos a Raíña Lupa, que remata non querendo saber máis e lava as mans, como Pilatos. Accede a que leven enterrar o corpo santo a unha terra de ninguén, a un lugar libre de dominio, o *Libredón*.

Segue a custosa andaina: tendo sede, no camiño abrolla unha fonte sobre a que despois se erguerá o Santuario da Escravitude; logo, no espeso Monte Illicino, que a tradición coida ser o **Pico Sacro**, terras de Boqueixón, invadido polas cobras e as bestas bravas, domestican

milagrosamente dous touros, que xonguen un carro para axudar á *translatio*. Monte sobranceiro sobre o val do Ulla, preto dese estreito paso ou *puzo* que é San Xoán da Cova -e que os máis vellos din que o fixeron os *mouros*- para que pasara o río; lugar no que tamén houbo un mosteiro altomedieval.

Despois de tanto desafío atopado no camiño, finalmente os discípulos pousaron o corpo do Apóstolo onde marcaban as estrelas, no lugar do Libredón, o que pasaría a chamarse *Arca marmórica*. Topónimo que se asocia con marmóreo sartego; ou con *Arca memórica*, fito ou memorial.

Pero no país do Letheo, do esquecemento, pasan os anos... Lucus, Bracara, Astorga triangulaban agora unha administración romana decadente, entre elas Iria Flavia. No contorno do que foran as minas romanas das Medulas -quizais o Medulio referido polos cronistas da romanización- ou o Courel, refúxianse comunidades cristiás, as que recollendo os saberes dos santos padres, das escolas de Antioquía, a Tebaida, Kalat Semaan do Simeón *O Estilita*, acubíllanse arredor de fontes, penedas, en montes sacros que cristianizan, tal cal aconsellaba Gregorio de Tours: "*vaiamos e poñamos altares cristiáns sobre os ídolos pagáns..., pero deixemos que se faga festa e romaría*". Idacio, bispo dos Limicos viaxou ao Oriente Medio, tamén Exeria, que dende este extremo occidente, segundo conta San Valerio do Bierzo no século VII, fai e recolle nunha *peregrinatio* a súa viaxe por Atatolia, as terras de Habraam, e os Santos Lugares, visitando as reliquias dunha das primeiras mártires, a Santa Tegra -quizais por iso de antiga devoción sobre o castro do Tegra-, o Sinaí, a Tebaida..., para perderse o "diario" desta primeirísima turista relixiosa entre o tempo e o camiño. As epístolas de S. Cibrao de Cartago ás comunidades do Bierzo, as relacións con oriente, a través do mar, do Mediterráneo, o mellor camiño da Galiza, unha "orientalización" que pode incluso confundirse co celtismo, xa que ambas relacións beben da mesma fonte orientalizante dende a protohistoria. Os santos cristianizadores das illas Británicas, como San Columbano ou San Patricio. A arte Asturiana, abandeirada polo lábaro da cruz e que colecciona reliquias de Cristo para cristianizar lugares, son proba deste sentir común. Ao fin e ao cabo, "orientarse" é mirar e sentir a luz do principio, de oriente.

Nesas primeiras catequeses, a final do século IV, nas que o cristianismo se vai conformando entre experimentos considerados heréticos e cheos de orientalismo, ten que ver a disputa de Prisciliano e

dos seus seguidores, sintetizadores e conciliadores dos vellos cultos animistas á natureza. Contra isto vai a misión de Martiño de Dumio, no século V, natural da Panonia, nos Balcáns, de onde trae, para apoiar as súas prédicas, as reliquias do seu paisano, esoutro santo cabaleiro que era Martiño de Tours, tan celebrado en tempo outonal de Defuntos e Magostos, Santo padroeiro de Ourense. O bispo de Dumio é autor do *De Correctione rusticorum*, anatematizando os cultos aos catro elementos, os que tiñan santuarios en fontes, montes, carballeiras espesas e pedras, considerados sacros. Neste intre quere interpretarse a "faciana de Deus", na arte con cosmogonías, formas xeométricas que nacen da roda cósmica, velaquí o *crismón*, construído coas iniciais da palabra peixe en grego, e as letras de XT (Cristo) e a significación Fillo do Deus Salvador. Igualmente cristianizadores, celtas bretóns e irlandeses asociarán a cruz -que xongue a vertical e a horizontal nun centro- co símbolo circular do sol: Deus vencéllese ao devalar do cosmos. Así se quixo representar no Crismón da Hermida Quiroga, datado no século IV (Museo Diocesano de Lugo)

### **Os camiños e a ascese conflúen en Compostela**

É neste tempo cando no Libredón se descubre o sartego do que se di o Apóstolo Santiago. Será nun contexto no que o mundo musulmán expresa as súas ansias de dominio cara a Europa, arredor do ano 813. Reinaba en Asturias Alfonso II *O Casto* e Carlomagno abría as fronteiras de Europa como emperador da cristiandade. Naquel tempo, di a lenda que recolle o *Libro dos Cambeadores*, do século XVI, cando era bispo de Iria Teodomiro, un ermitán do lugar de Solovio, nos arredores dun castro chamado *Pelagio* (nome o de Paio moi común na Galiza e que puido dar lugar a "Paíos") viu o relucir dunhas "estrelas" que indicaban o lugar do enterramento do Apóstolo e dos seus discípulos... Con iso das "estrelas" que marcan o enterramento pode pasar como coa barca de pedra, unha mala interpretación ou interesada transcripción, por "estelas", que non son máis que fitos funerarios romanos, de pedra, con epígrafe referido ao defunto pegado ao chan, e na parte xeométrica, triangular ou semicircular, labrado ou pintado o símbolo cosmogónico dunha rosácea ou dun tríscele. O topónimo de Compostela, que a tradición asocia con "campo de estrelas", pode ser que teña máis que ver con *compositum*, cimiterio, e con *estela* fito romano. Fora o que fose, incluso invención, a realidade é que a noticia faise correr polo mundo cristián, e por todos os camiños, tamén polos do ceo, que marcan as estrelas; comezan as peregrinacións e a expansión do

Románico e do Císter e de Cluni, con todo o que implican na economía, na cultura, nas relacións.

Un dos primeiros camiñantes interesados en visitar a tumba do Apóstolo é Giraldo de Aurillac, que funda un hospital e unha ermida dedicadas a Santa María, na cima do Monte Cebreiro. Punto emblemático nesa ascese que é a peregrinación, monte por onde dicían que Arturo buscaba o Greal, onde tamén no século XV aconteceu un milagre eucarístico co pan e o viño, símbolos de convivio, "producto da terra e do traballo", que pasan ao escudo de Galiza.

Consolidase a peregrinación *per égere*: o que anda por fóra, o que busca os confíns -que son principios nas cosmogonías (a coda, a circunferencia, nó salomónico que ata extremos e que se representa en tímpanos e en tantas partes do Románico)-. Dante escribía que quen vai a Compostela chámase *peregrino*. Como a quen vai a Roma é coñecido por *romeiro*, e quen fai o mesmo cara a Xerusalén é *palmeiro*. E se este tiña como emblema a palma do martirio, o romeiro tiña como símbolo as chaves de S. Pedro. Namentres que o peregrino ten como identificador a cuncha da vieira, símbolo da Venus nacida do mar, anacarada estrutura convexa, radiada en converxencias e diverxencias, como unha man que busca o principio-fin, o enigma da vida-morte.

Son tempos con ansia de redescubrir e apoderarse do mundo: os normandos queren facerse con Jacobsland, os musulmáns coa súa *Xihad*, á que os cristiáns responden de xeito semellante. No ano 997 Almanzor chega ata ao altar da Catedral xacobeá: a lenda di que se atopa co bispo de Iria, Pedro de Mezonzo, autor da *Salve Regina*, que pide piedade para arredalo da súa idea de destruír a nova Meca da cristiandade: o caudillo árabe viña ao que veu.

Cruzados ingleses e galos teñen como referente a Galiza no seu camiño, no ir e vir cara a Terra Santa. Moitos templos levarán o nome de Santiago, como un modelo de cruzado, cabaleiro, e que, segundo a tradición, aparece en Clavijo brandindo unha espada. Ética e estética camiñan xuntas, pois uns e outros usaban a deus para os seus caprichos de poder imperial. Proba dese andar camiños son as relacións, o negocio das reliquias, xeralmente traídas de terra Santa ou da mesma Roma, a través dos camiños da Provenza. Testemuños da vida de Cristo ou de Santos para consagrar altares e templos e conseguir devotos,



concorrenza, festa e negocio: velaí en Santa María de Cambre a que se di "Hydra de Canaan", que pode ser unha peza palestina, semellante a outras como a da Catedral inglesa de Coventry, traídas como *souvenir* relixioso por aventureiros cruzados, como os sartegos paleocristiáns de Astorga e o *strigilum* do cabaleiro cruzado galego coñecido popularmente como Conde Santo, Gutiérrez Osorio, na igrexa de Vilanova de Lourenzá.

### **A imaxe dun Apóstolo pacífico. Os santos e a intemporalidade**

A iconografía do Apóstolo denota a sensibilidade, a estética e polo tanto a ética de cada tempo. Así o quixeron os artistas: o Románico Apóstolo sedente, como un patriarca, agardando no seu templo a aperta do peregrino que chega para cumprir o seu complicado ritual de pasaxe despois dunha longa ascese; a iconografía do Santiago peregrino, cuberto de *chapeau*, elegante, colgando do ombreiro o seu bernal e na man a guía, un *Liber peregrinationis*, posiblemente o Calixtino, escrito en Cluny, para lecturas de proveito intelectual na súa andaina relixiosa; e finalmente a imaxe do Santiago cabaleiro, santo adaíl, "matamouros", ou "mataindios", como un desapiadado guerreiro que, a gritos de combate, pechando portas, brande a espada e esporea o seu bridón branco que se ergue e tripa canto ten debaixo. Imaxe que deu nome a terras conquistadas polos cinco continentes e que terá templo, altar e confrarías como Santo Señor Santiago.

Nese andar dos humanos, homes, mulleres, nenos, mozos, vellos, eivados..., no trepar dos facos e das mulas, no rodar dos carros, vanse facendo e labrando os camiños. Os amilladoiros eran unha esperanza á vista cando sinalaban o seu decorrer en tempo de neve, de brétema, ou entre a espesa vexetación. Como os faros entre a brétema. A Catedral de Compostela sempre estaba no horizonte, aberta a todos, como unha obriga relixiosa, como curiosidade ou mesmo por interese comercial. Ábrense e escintilan camiños ao seu arredor, e neles naceron templos, fondas, cidades cos seus burgos, vilas e aldeas, sempre para servir ao camiñante. Tamén se abriron portos nos que arribar ou dos que volver partir, como lle aconteceu ao Santo Amaro que, segundo conta a lenda, camiño de Compostela, amarra seu sorprendente barco nunha nacente *Brigantia*. Encamiñase a Compostela, non dá chegado ante o sartego do Apóstolo pola concorrencia de peregrinos e confórmase con ollalo de lonxe. De volta, ao chegar ao porto, atopa outras naos e nova xente, e

novas filas cara a un santuario que na ida non vira. Pregunta e dinlle que está dedicado a un santo peregrino, que veu a Compostela sen chegar ao altar, chamado Amaro. Axiña pasaran trescentos anos. Lenda como a de Ero de Armenteira: a sensibilidade ante a natureza, sexa paxariño ou camiño, entretén os sentidos e confúdenos coa inmortalidade. Filgueira Valverde tratou ben este asunto tan propio do panteísmo galego. O camiño e a xente curtida no seu andar axudou a consolidar unha cultura e unha identidade aberta e tolerante.

### **Compostela no serán**

É no solpor do serán cando Compostela atopa a súa apoteose, cando Febo lanza seus raios de ouro vello a través das celosías da fachada occidental da Catedral, para desfacerse en calidoscópicas luces no Pórtico da Gloria e sobre o mesmo altar. Poética ben sabida polos peripatéticos profundadores da catedral. Rosalía de Castro e o autor d'*O espello no serán*, don Ramón Otero Pedrayo. Autores de obra fundamente sentida sobre aspectos de Compostela. Literatura para "beber" como vello viño tostado, feito coas mans de uvas pasas, madurado aínda máis en cubas de castiñeiro, para saborealo a grolas, de vagar. Mellor na compañía dunha torta de Compostela, feita con améndoas. Rito para os sentidos e para mellor enxergar ese sitio baril feito polos devanceiros, entre o Monte Viso e o Pedroso. Universo entre o que asoman hoxe as arrogantes estruturas do noso tempo, arquitecturas de Peter Eisenman, para acoller aspectos da identidade dun pobo "bo e xeneroso", que abriu portos e camiños para todos.

Compostela é unha cidade nacida arredor dun sartego, da súa Catedral, e todo xira arredor dela. Alí foron nacendo mosteiros para servir ao culto: os bieitos de *ora e labora* de San Martiño, as monxas de Antealtares, gardadoras de reliquias desta Historia; fondas e pousadas; outros templos: Salomé, dedicado á nai do Apóstolo, San Bieito, San Fiz de Solovio, San Froitoso..., fóra ou dentro deles non falta un tímpano ou un retablo coa escena da Epifanía, a Adoración dos Reis Magos, por aquilo de que nesta occitania, país de meigas e magos, de Prisciliano e María Soliña, tamén se rende culto a aqueles monarcas de oriente, os que deixando todo seguiron o camiño das estrelas, viaxeiros cara un lugar de Nacemento, Belén. Argumento en paralelismo cos peregrinos que, tamén mirando ao ceo, seguen a Vía Láctea cara ao occidente, na procura dunha

tumba e dunha Fisterra. Sitios estes onde a pedra é todo, o chan, a casa, o cetro, o altar, o sartego..., santuarios de culto ás pedras fecundativas, onde se adora, como ao sol que se pon, un Cristo da Barba Dourada, que resucita en tempo de festa, de Pascua Florida.

### **Cidade nacida arredor dun sartego: a Catedral**

Por todo iso a visita a Compostela debe comezar pola Catedral, internándose pola Rúa do Vilar, ou pola Rúa nova, onde a pedra e as casas se abrazan en soportais e nos acollen cando a chuvia reviste de prata a cidade. Para deixar a fonte dos Cabaliños de Pedra, entre os barrocos de placas da Casa do Cabido, entrar na Catedral atravesando a Porta de Praterías, retablo, obra de mestres canteiros do Románico para explicarnos a natureza de Cristo. Coa imaxe do David, fora de sitio orixinal, que amansa as feras tocando a arpa coas súas pernas en X, namentres a desguedellada Madanela agarima a calivera.

A catedral de Santiago é un labirinto de historias e lendas en xeira entre o principio e o fin. A edícula co sartego, sería en tempos romanos un templo-*martirium*. As escavacións arqueolóxicas dirixidas por Chamoso Lamas na década dos cincuenta confirman a existencia dun núcleo romano de certa importancia: un dos piares do cruceiro sur érguese sobre unha ara dedicada a Xúpiter. Certamente a catedral edifícase no devalar do tempo sobre un santuario e un cemiterio da antigüidade e do medievo. Non faltan os que din que quen puido ser enterrado en Compostela foi o heresiarca Prisciliano, decapitado en Tréveris . As brétemas que adornan toda lenda esvaécense cando naquelas escavacións Chamoso atopa a campa do sartego de Teodomiro, o bispo de Iria polo 813, tempos nos que se descubriu a tumba do Apóstolo. Así a lenda ilumínase cun viso arqueolóxico de certeza.

Nesa ascese entre as luces e as sombras da mesma catedral seguiremos, mirando os seus suxestivos capiteis románicos e as capelas. Teremos que entrar no camarín do apóstolo, meternos no seu retablo, subir, darlle a aperta, como a un amigo e baixar.... Seguiremos cara ao Pórtico da Gloria, aberto ao extremo occidente, a esa esperanzada luz do solpor, a que vén de Fisterra. Lección, catequese de pedra dirixida por Mateo. Obra simbólica que comeza nos seus mesmos alicerces: a cripta significa a Xénese, a orixe, o principio, o Caos, para seguir ascendendo,

buscando a luz, entre a terra e o ceo, e nese andar crear ídolos, normas, mandamentos, e sempre ascendendo en corpo e alma cara ao Xuízo Final, sobre o que os vintecatros anciáns, ese senado de sabios, tempera os instrumentos de música para algún Aleluia. A música é norma, relación, harmonía, número, pitagorismo, que nos aproxima ao ceo, ao Cosmos, representado no cimo, enmarcado pola triangulación das cubertas do templo, polo xeométrico rosetón sobre o que escacha a luz do ocaso para incidir no oriente, no altar, como as rosáceas e os trísceles nunha estela funeraria oriental.

E como homenaxe á memoria entraremos nos silencios do Panteón Real ou Capela das Reliquias. Á que se entra por unha porta prateresca e bóveda estrelada, obra de Xoán de Alva, baixo a que reloce a Historia e a lenda. Capela que nos convida a un repaso sobre o tempo pasado, o que puido ser borrado por un incendio acontecido no 1621 que destrúe aquel retablo que introduce a columna salomónica. Con el perdéronse moitos relicarios, sona da catedral. Abonda como mostra hoxe o sobranceiro relicario coa cabeza Santiago Alfeo. Testemuñas de santos que parecen protexer os sartegos que se acollen aquí: o tan fermoso e representativo da dozura da muller de Afonso VII, benfeitor do Císter, dona Berenguela; o do Conde Ramón de Bergoña, primeiro marido de dona Urraca de Castela, o da Raíña, por unha noite e un día, Xoana de Castro, deostada esposa do Rei don Pedro o Cruel. O Sartego do Rei Fernando II, protector do Mestre Mateo, o do Rei Afonso IX, peregrino e protector de Compostela, a tumba do Conde de Traba, Pedro Froilaz. Obra recente, do 1926 como o retablo da autoría do escultor compostelán Magariños.

A Capela da Corticela, coa pétrea imaxe do Cristo que ora na horta, recibindo no seu cáliz mensaxes escritas, como as recibiu da mesma Rosalía... O claustro, os museos, nomes de mestres *mirabilis magistris*, construtores e canteiros de todo tempo: os románicos Bernardo, Roberto, Estevo..., góticos, renacentistas, barrocos: Enrique Egas, Xoán de Alava, Gil de Hontañón, Domingo Antonio de Andrade, Casas Novoa, Sarela, Simón Rodríguez..., orgullo dos canteiros que lle deron sona a Galiza, topónimo que poida ter que ver coa pedra.

Subir ao triforio, pasear polos tellados da Catedral, confirman aquilo que, no século XII, xa di o Calixtino: entra un tristeiro é sae cheo de ledicia e ánimo. E para sentirnos orgullosos de ser e de existir, baixaremos polos chanzos do Obradoiro, parte do retablo da fachada da Catedral, entre o

tanxer das campás e as imaxes de santos... Praza na que aínda soan as macetas sobre os ciceis dos canteiros construtores, senón dunha cousa doutra, ou ambas moitas á vez: o pazo de Xelmírez no Románico, o Colexio de San Xerome en tempos góticos, o Hospital Real no Renacemento, e a catedral en todo tempo...

Santiago ben vale unha e moitas misas, entre os románicos e os barrocos, entre o ir e vir do Botafumeiro entre as naves do cruceiro: incenso para Deus e para seu íntimo amigo e discípulo leal, as chirimías, o órgano, os ouros, o mellor que pode ter o ser humano, esa parte divina exprésase aquí e chámase Poesía e Arte. Por iso os creadores se aproximaron aos "Anxos de Compostela" aquí e reflectiron e cantaron un anaco de ceo. Soubo ben Gerardo Diego.

### **As gárgolas espreitando o bulir da Compostela viva**

As gárgolas dos aleiros do Hospital Real, de San Martiño Pinario trouso auga da chuvia cara á canella de Valdedios: tarascas, monstros do pasado, herdos panteístas, orientais, escapados do caos, trepados no Pórtico, ou baixo o lanza de San Xurxo, dos pés de Santa Marta..., empoléiranse nos aleiros dos conventos e dos seminarios, resistíndose a non tentar, facendo carantoñas, arremedando o presente e o porvir. Gardiáns que entre o cántico do *Dies Irae*, semellan gardar os tesouros das lendas, dos retablos. Aquece entrar na Igrexa de San Martiño Pinario e sosegar o espírito entre as obras de Andrade, de Gambino, de Xosé Ferreiro...

Non se pode deixar a Compostela catedralicia, universitaria, a gran aldea de Galiza, sen visitar, nunha mañanciña, a súa praza de abastos, para atopar nela os mellores acentos de Galiza, entre os seus produtos da terra e do mar. Todo o que degustar nos bos mesóns, herdeiros de saberes ancestrais, onde os viños da Galiza melloran para os vivos. Contan que o viño mellora ao toque solemne da campá da torre Berenguela. Dende a Quintana dos Mortos, ese xogo de xeometrías, todo milagre é posíbel.

No se pode deixar Compostela sen lembrar aos dous grandes Ramóns, sen deixarse guiar pola súa pegada, polas rúas, as canellas, os cafés, as casas de comidas, o arrecendo a carne guisada, o paseo pola Ferradura:

Valle-Inclán e Otero Pedrayo. E tras deles as alongadas sombras da santa compañía das lembranzas, as que se resisten á arroiada das augas do *Letho*.

Non se pode deixar Compostela sen entrar na Igrexa de San Domingos de Bonaval, naquel templo no que predicou os seus sermóns apocalípticos o Vicente Ferrer, quen tamén atemorizou a Bretaña dos megálitos e de Arturo; sen visitar os sartegos de Rosalía, de Castelao, Cabanillas, Asorey, sen visitar o Museo do Pobo Galego e entender que a cultura é resposta intelixente ao medio, feita e desfeita por inventos, creacións, tradicións, relacións....

Non se pode deixar Compostela sen deixar, costa abaixo, o Castrón de Ouro, cara á Colexiata do Sar, esa igrexa tan nas raiceiras de Compostela, erguida nunha braña, en xogos de equilibrios os seus piares, claustro de Mateo e cemiterio de prelados.

Non se pode deixar Compostela sen sentir o seu franciscanismo, nas encostas do Pedroso: o do carboeiro Cotolay, *fratello* do santo de Asís, ese outro panteísta, irmán tamén do lobo e do sol. Entrar na carballeira de San Lourenzo e recibir as sombras e os misterios do seu vello convento franciscano, onde o bispo nigromántico Muñiz -que tiña o don da ubicuidade, de misar en Roma ou en Compostela ao mesmo tempo- como un mago Merlín, experimentaba súas apócemas, para ser solemnemente enterrado baixo o Pórtico da Gloria e non atoparse endexamais os seus restos.

Non se pode deixar Compostela sen levar unha figuriña de acibeche, feita nese carbón milenario, labrado polos saberes da tradición, representando a figa, a man, machi-femia para esconxurar o mal de ollo; a vieira de Venus e dos renacementos, ou un santiaguiño Peregrino labrados baixo pensamentos e por mans sabias, herdeiras de pasados, para lembrarmos que a vida é camiño, poñer en marcha os sentidos, enxergar o devalar das cousas que sempre son "asegún", de onde e cómo se miren e, en fin, aprender a desprenderse. Namentres, as campás de Compostela tanxen, tan lonxe, as lembranzas ecoan. Cavilas nela. *Ultreya*.